

SERVIZOS SOCIAIS DE LAXE

GUÍA DOS **SERVIZOS SOCIAIS**
DO CONCELLO DE LAXE



SERVIZOS SOCIAIS DE LAXE

GUÍA DOS **SERVIZOS SOCIAIS**
DO CONCELLO DE LAXE



ÍNDICE

■ OS SERVIZOS SOCIAIS	05
■ PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO	07
■ PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR E APOIO Á UNIDADE CONVIVENCIAL	08
■ COMEDOR SOBRE RODAS	09
■ PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA	10
■ PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR	11
■ SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO	12
■ SERVIZO DE LOGOPEDIA	13
■ PROGRAMA DA MULLER	14
■ PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA / EDUCACION DE ADULTOS	16
■ AULAS DE MAIORES	17
■ OUTROS PROGRAMAS DE INTERESE	19
INSERCIÓN SOCIAL	
PREESCOLAR NA CASA	
VACACIÓNS EN PAZ	
PROGRAMA DE INTERCULTURALIDADE E MEDIACIÓN CULTURAL	
■ COLABORACIÓN CON ORGANIZACIÓNS PRIVADAS	20



OS SERVICIOS SOCIAIS

Os Servizos Sociais de Atención Primaria son aqueles que realizan unha acción social globalizadora e polivalente, dirixidos ó conxunto da poboación e que teñen como obxectivo promover e posibilitar o desenvolvemento do benestar social de tódolos cidadáns.

Constitúen o nivel máis próximo ó usuario e son a canle normal de acceso ó sistema de servizos sociais, dende onde se derivarán os casos ós servizos de atención especializada cando así o requira a complexidade da situación.

Os servizos sociais están integrados por profesionais e sevizos que contan con:

- **TRABALLADORA SOCIAL**
- **TÉCNICA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR**
- **5 AUXILIARES DE AXUDA A DOMICILIO**
- **MESTRA DE ALFABETIZACIÓN DE ADULTOS**
- **SERVIZO DE LOGOPEDA**
- **SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO**
- **PUNTO DE INFORMACIÓN Á MULLER**

Todo este equipo de servizos sociais leva a cabo os distintos programas que destacamos a continuación.



PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO

É a **porta de entrada** ós **servizos sociais** deste **Concello**, un programa levado a cabo pola Traballadora Social onde se informa ós veciños e veciñas dos distintos recursos e dereitos existentes en materia de servizos sociais, así como a maneira efectiva de acadalos.

As áreas de actuación son as seguintes:

- Dependencia
- Vellez
- Minusvalías
- Familia
- Infancia e mocidade
- Muller
- Drogodependencias e alcoholismo
- Comunidade
- Marxinación social
- Migracións...

Algunhas das actividades que realiza son:

- As derivadas da atención ó público, entrevistas, visitas domiciliarias
- Tramitación e xestión dos distintos tipos de axudas
- Coordinación con centros, servizos, institucións e profesionais relacionados cos servizos sociais
- Planificación, xestión e seguimento dos servizos de acción social municipal
- Elaboración de propostas, informes...

Horario de atención:

De 9 a 14 h excepto o xoves que estará de 10-12 no Centro Social de Traba. Terán preferencia as persoas que soliciten cita previa.
Teléfono de contacto: 981 706 903 ext. 107

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR E APOIO Á UNIDADE CONVIVENCIAL

Dirixido a aqueles veciños e veciñas que presentan discapacidade que lles limitan a súa autonomía persoal e a súa capacidade de relación social, proporcionándolles a posibilidade de continuar no seu domicilio a través dun conxunto de actuacións que atenen as súas necesidades da vida diaria.

Así mesmo terán dereito a este programa as persoas en situación de dependencia nalgún dos graos establecidos e segundo o Programa Individual de Atención proposto.

Comprende as seguintes atencións:

- **Atencións de carácter persoal:** Apoio e asistencia para levantarse, deitarse, hixiene persoal, vestirse, comer e aqueloutras relacionadas co coidado e atención persoal como cambios posturais, mobilizacións, orientación temporo-espacial e apoio á incontinencia...
- **Atencións de carácter doméstico:** Limpeza da casa, compra de alimentos, lavado, repaso de roupas, acompañamento e realización, se é o caso, de xestións fóra do fogar (médico, bancos...)...

¿Como solicitar o servizo?

1º- Dirixíndose ós Servizos Sociais do concello e presentando a solicitude correspondente xunto coa documentación que se sinala no correspondente regulamento publicado no BOP do 5 de setembro de 1998. Solicitaráse valoración de dependencia.

2º- Tamén se poderá prestar o servizo nos **casos de carácter urxente** de grave perigo para a vida do usuario, altas hospitalarias ou ausencias temporais de persoas con familiares ó seu cargo, ou situacións similares nas que se demostre a necesidade urxente do servizo, e sempre en función da dispoñibilidade do mesmo.



COMEDOR SOBRE RODAS

Servizo posto en marcha no ano 2006 como un proxecto piloto, tendo moita aceptación entre persoas maiores e discapacitados.

O servizo do comedor sobre rodas consiste na preparación e entrega das comidas de mediodía (xantar) que se reparten polos domicilios dos usuarios e que consisten en:

- 1º prato
- 2º prato
- Sobremesa
- Auga

O servizo inclúe o transporte en vehículo sanitariamente homologado e en bandexas térmicas, ata o domicilio do usuario garantindo en todo momento a hixiene e conservación dos alimentos, e atendendo a dietas específicas (para hipertensos, diabéticos...)

¿Como solicitar o servizo?

Dirixirse ós servizos sociais do concello e presentar a documentación que consta no regulamento pertinente publicado no BOP nº xxxxx.



PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

É un **servizo de atención telefónica** ininterrompida na que o usuario/a, só ten que pulsar un botón ante calquera situación de emerxencia, para entrar en contacto verbal, mans libres, cunha central dende a que se atende a súa demanda, co fin de favorecer a súa permanencia no seu medio habitual.

Está recomendada para persoas maiores ou minusválidas que viven soas ou que pasan longo tempo sen compañía no domicilio, e ademais presentan algún tipo de enfermidade ou limitación física.

¿Que servizos presta?

- Apoio inmediato ante situacións de soidade, angustia, accidentes domésticos, caídas e enfermidades.
- Seguimento permanente dende o centro de atención mediante chamadas telefónicas periódicas.
- Mobilización de recursos ante situacións de emerxencia sanitaria, deméctica ou social.
- Servizo de axenda para comunicarlle ó usuario/a datos que non debe esquecer (visitas médicas, administración de medicamentos...)

¿Como solicitar o servizo?

Dirixirse ós servizos sociais do concello e presentar a documentación oportuna.



PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR

É un **servizo de atención e apoio ás familias**, que posibilita a intervención individualizada nas familias con menores ó seu cargo, persoas con dependencia, discapacitados ou calquera outra situación familiar que poida desembocar nunha situación de risco ou dificultade social.

¿A quen vai dirixido?

A todas as persoas empadroadas no concello de Laxe e fundamentalmente, a familias en risco de exclusión social, persoas dependentes, nenos con necesidades educativas especiais, maiores... que precisen apoio ante situacións de conflito ou que impliquen risco para os seus membros.

Ademais dende este programa articulanse moitas actividades municipais, obradoiros para nenos, adultos e maiores, no colexios e no concello no que participan todas as familias.

¿Onde está?

No primeiro andar do concello no despacho que está nas oficinas xerais.

Horario

O servizo préstase todos os días **excepto os xoves** que non se atende ó público. *Para unha mellor atención pida cita previa chamando ó tlf. 981 706 903 (ext 104).*



SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO

O obxectivo principal é asesorar e informar ós nosos veciños e veciñas de calquera tema sexa laboral, penal ou civil.

As dúbidas principais que se expoñen están relacionadas con:

- **Familia:** temas de separacións, divorcio, impago de pensións alimenticias...
- **Laboral:** Contratos de traballo, nóminas, liquidacións, baixas, incapacidades...
- **Seguridade social:** pensións, desemprego...
- **Inmigración e estranxeiros:** dereitos, contratos de traballo, residencias...
- **Sucesións:** adjudicación de herdanzas...
- **Dereitos reais:** problemas de fincas, lindes, servidumes...

¿Como se solicita?

A través de cita previa no Dpto. de servizos sociais ou chamando ó teléfono 981 706 903.

Horario

Este servizo préstase 1 vez cada 15 días por unha avogado/a que se despraza ó noso Concello. O horario é de 10.00 a 13.00 horas.



SERVIZO DE LOGOPEDIA

Dirixido a un gran número de nenos e nenas con necesidades educativas especiais, sobre todo problemas de linguaxe, e decidiuse prestar apoio durante 3 días á semana e con persoal especializado (logopedas) que se desprazan a este Concello para que os rapaces poidan asistir ás mesmas.

Son sesións individuais e segundo o caso e dependendo dos resultados da valoración establécense sesións de 45m ou media hora cunha frecuencia de 1 ou 2 veces á semana.

¿Como se accede?

Previo informe do orientador do colexio, cítase o neno ou a nena para a valoración por parte do especialista. Se procede sinálaselle o horario para acceder ó servizo.

Horario

Luns, mércores e venres de
17.00 a 20.00 horas.



PROGRAMA DA MULLER

Séguese fomentando e dando a coñecer o noso **I PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES** coa pretensión de mellorar a situación das mulleres neste concello, erradicando as desigualdades que aínda existen por razón de sexo e incidindo en áreas como a laboral, emprego, saúde, violencia, cultura...

Destacan os cursos, formación e actividades que se imparten anualmente en relación a este sector, así como a posta en funcionamento do PIM (punto de información á muller), atendido por unha avogada.

Punto de información á muller (PIM)

¿Que é?

É un espazo para escoitar, informar e asesorar ás mulleres do concello, a cargo dunha avogada especialista na materia.

¿Cales poden ser algúns dos motivos para achegarme ó punto de información ás mulleres?

- Porque quero coñecer os meus dereitos.
- Porque quero información sobre os recursos que existen para as mulleres na zona.
- Porque teño problemas para conciliar a miña vida laboral, familiar e persoal.
- Porque busco solucións para a miña situación.
- Porque quero rachar cunha relación que me fai sufrir.
- Porque quero ser independente economicamente.
- Porque quero que me asesoren para educar as miñas fillas e fillos dun xeito non sexista.
- Porque quero informarme sobre actividades, estudos, subvencións ou documentos relacionados coa igualdade de oportunidades.
- Porque quero informarme das políticas de igualdade que se desenvolven dende o Concello.
- Porque quero informarme e facer propostas en relación ás necesidades que as mulleres temos no concello.

- Porque quero loitar contra a discriminación dende a miña asociación.
- Porque quero poñerme en contacto con outras mulleres interesadas en loitar pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no noso concello.
- Porque me gustaría renderlle homenaxe a unha muller que penso debería ser un referente na historia do noso concello.

Funcións do PIM

Proporcionar **información** sobre recursos e programas específicos para mulleres no eido laboral, social, xurídico, sanitario.

Colaborar cos Concellos na **asistencia integral** ás vítimas da violencia de xénero.

Colaborar cos Concellos na aplicación de **Programas de intervención comunitaria** na área de igualdade.

Colaborar cos Concellos no desenvolvemento daquelas **actividades** que teñan como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

¿Como se solicita?

A través de cita previa no Dpto. de Servizos sociais.

Horario

Este servizo préstase os luns de 10.00 a 12.00 horas por unha avogada que se despraza o noso Concello

PROGRAMA DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA

O servizo de teleasistencia móbil para vítimas de violencia de xénero, é unha modalidade de servizo que, coa tecnoloxía axeitada (telefonía móbil e telelocalización, e tan só apretando un botón na modalidade de mans libres), ofrece ás vítimas unha atención inmediata asegurando unha resposta rápida ás eventualidades que poden sobrevivir as 24 horas do día e os 365 días do ano. Dito programa está conveniado coa Cruz Vermella.

Requisitos de acceso

- Non convivir coa persoa ou persoas que a someteron a maltrato
- Contar con medidas de alonxamento

¿Como solicitar o servizo?

Dirixirse ós servizos sociais do Concello e presentar a documentación oportuna.

EDUCACIÓN DE ADULTOS

As Escolas de Maiores do Concello de Laxe están abertas a tódalas persoas:

- Que queiran seguir aprendendo
- Que queiran non esquecer o aprendido
- Que queiran coñecer a gramática castelá e galega
- Que necesiten obter a mínima titulación académica necesaria para incorporarse ó mundo laboral: O TÍTULO DE GRADUADO EN ESA.

¿Como se accede ó servizo?

- Se es maior de 18 anos
- Se estás empadroado no Concello de Laxe

¿Como se solicita o servizo?

A través do teléfono do Concello 981 706 903 (ext. 210)

AULAS DE MAIORES

É un espazo aberto a todos os maiores para encher o seu tempo libre, para falar, comunicarse cos seus veciños, aprender, evitar a soidade, cunha morea de actividades para ter a mente activa.

¿Que actividades hai?

■ Ximnasio da mente

¿PREVIR A PERDA DE MEMORIA!

Realizamos un conxunto de actividades de estimulación *para conseguir que a nosa mente siga áxil e desperta*, nas que se potenciarán as capacidades sensoriais, de psicomotricidade, cognitivas e as relacións sociais.

■ Informática

Achegar os nosos maiores ás novas tecnoloxías.

Iniciación a **internet**, tratamento de textos,...

■ Música

Para lembrar cantares antigos e tocar diferentes instrumentos,...

■ Obradoiros puntuais e charlas

Manualidades, cociña, charlas de saúde...

■ Festas de Nadal e Entroido

Consiste nunha merenda baile, con degustación de doces típicos. Un día celébrase no Centro Social de Traba e outro en Laxe. É preciso recoller a súa invitación para participar.

■ Programa “Coñece Galicia”

Son dúas excursións anuais, unha no mes de maio e outra en agosto nos que percorremos diferentes puntos da xeografía galega: Ourense, Portomarín, Ortigueira, Allariz, Lugo, Mondoñedo, Ribeira, Cambados, Ponferrada,...

■ Programa “Coñece a túa comarca”

Cada quince días visitamos diferentes lugares: Vimianzo, Cabana, Camariñas, Cee...

¿Quen pode participar ?

Todas as persoas maiores de 50 anos e a xente das parroquias que queiran participar. Hai un autobús que os recolle.

¿Onde se fai a inscrición?

No Departamento de Servizos Sociais, todas as actividades son gratuítas, excepto as excursións.



OUTROS PROGRAMAS DE INTERESE

INSERCIÓN SOCIAL

Este programa pretende cumprir unha das funcións básicas dos servizos sociais que non é outra que a eliminación da pobreza, así como a integración social dos sectores de poboación máis desfavorecidos e a mellora das súas condicións de vida. Concédense axudas a nivel individual, de carácter extraordinario e pago único destinadas a paliar situacións urxentes e transitorias, imprevistas ou excepcionais, así como a prevención do agravamento das mesmas (axudas para alimentos, alugueres, electrodomésticos,...).

PREESCOLAR NA CASA

É un programa dirixido a familias que teñen nenos e nenas de idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos. Tanto se o voso fillo ou filla asisten á gardería como se non, podedes participar xa que é un programa de Formación de Pais. Xuntámonos cada 15 días e nestas reunións é vital a vosa presenza. Alí disfrutamos de 2 horas xuntos, compartindo dúbidas e experiencias coas demais familias e facendo actividades axeitadas a cada idade nas que podedes xogar relaxadamente cos vosos fillos e fillas.

VACACIÓNS EN PAZ

Programa que achega a nenos saharauis as nosas familias nos meses de xullo e agosto. Faise a recepción e información sobre o contido do programa, a selección, o seguemento e contacto continuo para superar as dificultades que poidan xurdir nas familias que acolleron nenos saharai durante a estancia.

INTERCULTURALIDADE E MEDIACIÓN CULTURAL

Co fin de promover o mutuo coñecemento e o respecto ás características propias de cada país, cultura e raza, fomentando actitudes positivas ante o feito da diversidade, realízanse xornadas, actividades, prácticas, obradoiros educativos, xogos infantís e contacontos nas escolas unitarias, colexio público e Instituto deste Concello. Así mesmo destacar que este Concello é socio do Fondo de Solidariedade Galega.

COLABORACIÓN CON ORGANIZACIONES PRIVADAS

A colaboración con organizacións privadas permítenos mellorar e implementar os servizos prestados á cidadanía. Destacamos as seguintes actuacións:

- Socios do Fondo de Cooperación e solidariedade.
- Adhesión ó Consorcio Galego de servizos de igualdade e benestar.
- Solidariedade Internacional de Galiza.
- Cruz Vermella.
- Asociación do Sahara.
- Asociación local do cancro.
- Centro de transfusión de sangue de Galicia.
- COGAMI
- ASPABER
- COREGAL
- INTEGRO



Concello de Laxe